

Acta da Comisión Delegada

Luns, 5 de xuño de 2024

Lugar: Reunión por medios telemáticos

Hora: 20:00 horas

Orde do día:

- 1.- Modificacións do Calendario Oficial
- 2.- Modificacións Regulamentarias
- 3.- Rogos e Preguntas

Asistentes:

Presidente- Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Enrique Hernández Moldes (Triatlon Rías Baixas)

Paloma Herbello (Triatlon Santiago)

Gustavo Álvarez (AD Fogar)

Amando Guerrero Gil

Pablo Cabanelas Eiras

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:10 h.

1- Modificacións Calendario Oficial

Infórmase da confusión da organización do Campionato Galego Súper Sprint Cadete, Xuvenil e Junior co Triatlon de Menores Alevín, Infantil e Cadete. O Triatlon Ferrol comunicou que só organizaban o Campionato Galego de Categorías Menores (BX/AL/IN) o próximo 6 de xullo, polo tanto debe decidirse a que proba de circuíto súper sprint se outorga o título.

Debatido o anterior acórdase por unanimidade que sexa Pontevedra. Quedando engadida esta proba e proposta dun acuatlon de promoción de menores por parte do AD Narón, a celebrar no día previo ao Trishark Narón.

- Campionato Galego Súper Sprint Cadete, xuvenil e Junior - 23/06/2024- Pontevedra
- II Acuatlón de menores Trishark (BX/AL/IN/CD) o venres 19/07/2024- Narón

2.- Modificacións Regulamentarias

Acórdase, por unanimidade, de cara a potenciar a participación inclusiva de deportistas con licenza federativa, que nas probas do circuíto súper sprint onde haxa saída inclusiva separada poidan participar deportistas de calquera idade de categoría inclusiva, cuxo equipamento adaptado se adecue aos percorridos e non interfira na seguridade a nivel técnico.

3.- Rogos e Preguntas

Infórmase de que se acaba de publicar o Plan Corresponsables e que o día 19 as Federacións están convocadas para indicar como funcionará esta tempada. Así mesmo infórmase que acaba de publicarse tamén no DOGA as prazas do CGTD para a próxima tempada onde se manteñen 7+1.

Levántase a sesión ás 20:50 h.



Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

vepe

Asdo.- O presidente
Javier Campos Peña